

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colegiado:
PLN/2022/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	25 de AGOSTO de 2022
Duración	Desde as 21:00 ata 23:20 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Non existe acta dispoñible para a súa aprobación.

2.- Declaración institucional.

Favorable

Tipo de votación

O 4 de decembro de 1972 morría asasinado nas rúas de Compostela Jose María Fuentes Fernández, Chema Fuentes, veciño de Outes. Un policía disparoulle sen xustificación e con aleivosía dous tiros que lle causaron a morte no acto. Se ben inicialmente o réxime franquista, a través do gobernador civil, dou unha versión baseada en mentres para encubrir os feitos, as evidencias e a presión social fixérono recuar e admitir o crime policial. O enterro celebrado días despois foi un auténtico exemplo de dignidade colectiva, con milleiros de cidadáns, veciñanza de Outes e estudantes da Universidade de Santiago de Compostela, acompañando o féretro ao cemiterio da igrexa parroquial de Outes. O pleno da Corporación Municipal de Outes, no cincuenta cabodano daqueles feitos, toma o acordo de aprobar a presente declaración institucional para condenar o asasinato do noso veciño Chema Fuentes, mostra dos abusos do réxime ditatorial franquista, reafirmando o noso compromiso cos valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos. Acordamos tamén a colocación dunha placa conmemorativa na Praza da Cruz da Serra de Outes co seguinte texto:
"En recordo de Chema Fuentes Fernández, asasinado pola policía durante o réxime franquista en 1972. No seu 50 cabodano."

Esta declaración institucional seralle ademais trasladada a familia de Chema Fuentes como mostra de respecto e solidariedade de todo o pobo de Outes. Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que ao ser unha declaración institucional e estar ditaminada non ten nada máis que dicir.



Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que xa deron a coñecer a súa postura na Comisión e por su posto que estamos de acordo do recoñecemento e que Outes sexa coñecedor do que pasou e do que foi vítima.

Toma a palabra o Sr. Caamaño para poñer de manifesto as inxustizas que se levaron a cabo durante o réxime franquista e que chegaron a tódolos currunchos de España e neste caso no noso veciño e o noso sentimento de pásame á familia e o noso recoñecemento nesta declaración.

Existe votación sobre a mesma porque atópase incluída na parte resolutiva do presente pleno.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 a favor

3. Exp.580/2022. Procedemento xenérico.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para a lectura da proposta correspondente ao Exp.5080/2022 relativa aos días festivos de 2023.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que alégrense de que este ano si se acordaran de tramitar o expediente relativo á aprobación dos festivos locais anuais antes de finalizar o prazo establecida e que non pasara como o ano pasado que se esqueceran de facelo a tempo tal e como contestou vostede antes unha pregunta do PP. Houbo sorte xa que non coincidían nin sábado nin domingo nun ano. A ver se acordarse das súas obrigas se volve un hábito para vostedes e non se lles esquecen máis asuntos como por exemplo a prórroga do contrato do SAF.

Toma a palabra a Sra. Suárez para indicar que lles sorprendeu gratamente de que este ano se lembrasen dos festivos do noso Concello e que a nosa veciñanza



saiban que días teñen para o desfrute e que ían condicionar a súa vida laboral.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 a favor

Apróbase o presente acordo co seguinte contido por unanimidade do pleno da corporación.

ACORDO

PRIMEIRO.- Fixar como días festivos para o ano 2023 as seguintes datas:

- Mércores 22 de febreiro (Mércores de cinza);
- Venres 29 de setembro (Festividade de San Campio).

SEGUNDO.- Comunicar a presente á Xefatura territorial de Emprego e Igualdade (S.M.A.C.), para o seu coñecemento e efectos.

4.- Exp. 585/2022. Procedemento xenérico.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para explicar a proposta relativa ao Expediente 585/2022 que consta da aprobación do Plan Antifraude para o Concello de Outes e poder executar os fondos dos Plans europeos e nos que se exige a aprobación deste Plan.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que entendendo que a existencia de un Plan Antifraude é un requisito da UE para poder acceder ás axudas tampouco temos moito que engadir. Parécenos ben que existan mecanismos que garantan a inexistencia de calquera tipo de fraude á hora de manexo dos cartos públicos e neste caso cos fondos europeos. Tamén nos parece ben que con eses mecanismos para prevención e detección se estendan a todas as actuacións



económicas municipais.

Tal e como podemos comprobar na documentación que consta no expediente a elaboración do mesmo fíxose por medio dunha empresa de servizos xurídicos a través dun contrato menor de 7.713,73 € e gustaríanos que o Sr. Alcalde nos explicase se ese pago se corresponde unicamente á documentación que consta no expediente ou existen outros traballos ou se van a realizar máis adiante.

No punto 7 do Plan parécese que se creará un Comité Antifraude por medio de Decreto de Alcaldía e como non nos consta que este trámite se fixera gustaríanos que nos indicase cando o vai crear e quen vai formar parte do mesmo.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que todo aquilo que supoña o control dos recursos que nos cheguen sexa da administración que sexa é necesario. Un control que se estableza por lei e por unha normativa vixente e que as administracións están obrigadas a acatar. Á vez que se establecen estas normativas foran os propios gobernos municipais o máis transparente posible de cara á veciñanza. Como sabemos todos ao longo de estes anos non é a primeira vez que lle temos que recriminar o uso de empresas privadas cando podería facelo con servizos públicos ou o abuso deste goberno do contrato menos e iso tamén é un fraude. Pedímoslle que teñan o maior pudor posible na contratación e á hora de facer contratos con empresas privadas e así non ter custos engadidos no noso concello.

Toma a palabra o Sr. Caamaño indica que o que parece mentira é que dende as institucións europeas nos reclamen, isto é que están sabedoras de que se dan fraudes na política. Non temos ningún problema en apoiar a mesma e por outra recoñecendo que existen tales fraudes o que deberían facer é cambiar as penas máximas impostas a estes fraudes para que sexa un exemplo e ninguén se lle pase pola cabeza cometelos.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que non teñen moito máis que engadir e que calquera cuestión relativa ao mesmo non teñen máis que formularse. En canto á creación creárase cando se vexa adecuada e serán coñecedores do mesmo. O lóxico é que a elaboración do mesmo sexa de xeito externo.

Indica a Sra. Molinos que lle sorprende que tratándose dun plan Antifraude que non nos conteste a unha pregunta tan sinxela se a contía se corresponde co documento que se atopa á nosa disposición ou hai algunha cuestión máis que



realice a empresa ou se van a facer outros traballos. Ademais temos entendido que a Deputación está elaborando un plan xenérico para todos os concello e polo que podemos saber noutros concellos o custe non é tan elevado. E con relación á cuestión de quen formará parte do mesmo e cando se formará non nos parece unha pregunta tan complicada.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que non entendeu coa intervención anterior e o que queremos dicir é que o goberno municipal é o primeiro que debe dar exemplo. Hai unha serie de servizos polo noso concello como á Feira Náutica que vostede contratou a unha empresa externa, fraude non é sinónimo de engano o fraude é tamén unha mala xestión e falta de optimización dos recursos do concello.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que se queren fiscalizar calquera contrato e que neste caso tamén inclúe a realización de auditorías, so teñen que preguntar. A nos conviñamos realizar o mesmo e precisamos telo canto antes. Nos moitas veces acudimos a empresas privadas porque parécenos máis eficiente nalgúns casos.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 a favor

Apróbase o presente acordo co seguinte contido por unanimidade do pleno da corporación.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o Plan de medidas antifraude do Concello de Outes.

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro do Plan na sede electrónica deste Concello [dirección <https://outes.sedelectronica.gal/>] a efectos do seu xeral coñecemento.

TERCEIRO. Remitir o Plan de medidas antifraude do Concello de Outes aprobado ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, por medio do correo electrónico habilitado ao efecto.



5. Exp. 255/2021. Plan Xeral (Modificación)

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para presentar a proposta relacionada ao expediente 255/2021 para a aprobación inicial da modificación do PXOM de Outes para dotalo de Chan industrial. Levamos tempo traballando nisto. En marzo de 2022 trouxemos esta proposta e non foi aprobada, xa que, se precisaba maioría absoluta porque había grupos con dúbidas e celebradas dúas Comisións e resultas as dúbidas volvemos a traer o presente expediente. Lembra que é a aprobación inicial e que posteriormente se procederá á exposición pública e posteriormente seguirase todo o procedemento.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que seguen pensando que é importante a dotación que cubra expectativas e necesidades empresarias no noso Concello. No mes de marzo abstivémonos porque considerabamos que a posta a disposición da documentación era moi curta e precisaba máis tempo para o estudo pola nosa parte. É certo que seguimos tendo dúbidas e pon algúns exemplos das dúbidas xurdidas ao grupo do PP. Gustaríanos saber os custos do proceso e como repercutiría o prezo por metro cadrado. As diferentes cuestións plantexadas citámolas na Comisión especial de Urbanismo e instamos ao Goberno municipal para que fixeran as consultas oportunas para clarificalos pero nunca tivemos unha resposta clara. Chegados a este punto o que nos parece máis axeitado é que esta modificación saia a exposición pública para que os veciños teñan a posibilidade de presentar as súas suxestións, xa que, o documento inicial pode mudar segundo as alegacións. Tamén vemos necesario a emisión de informes sectoriais sobre a localización e a aptitude e legalidade desta proposta. De todos xeitos sería oportuno que o goberno de a información plena aos veciños. De todas formas está ben comezar cos trámites e contándolle aos veciños a realidade da situación sen crearlle a ningún falsas expectativas.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que Outes precisa un chan empresarial é evidente e os beneficios que suporía para os nosos empresarios, xa que a día de hoxe non contan nin un espazo nin infraestruturas para instalar as súas empresas o que se traduce na perda poboacional por exemplo. Ao marxe, fala vostede de que esta proposta trouxo a o mes de marzo a pleno na que non conseguiu a maioría necesaria e que a partir de aí mantivo unha serie de reunións co resto dos grupos. Son certas as reunións pero pese á nosa insistencia as reunións eran



meramente informativas e vostede quería traballar única e exclusivamente neste proxecto. En ningún momento valorou outras localizacións que vostedes se plantexaban ou outras alternativas viables.

O que é certo é que dende o BNG todos os membros desta corporación temos unha responsabilidade política e pública e como tal non podemos delegar esa responsabilidade na nosa veciñanza. Este proxecto en xurisdición nace cheo de atrancos e dixémolo varias veces así como tamén o di costas, xa que, hai dúbidas en todo o proxecto en si e vostedes non saben dar respostas concreta sobre varias cuestións. O BNG non vai ser cómplice nin consentidor de que vostede sia adiante cun proceso longo e siga vostede gastando os cartos do Concello de Outes. Non imos a consentir se dote nun papel o chan e que despois non sea unha realidade. Entendemos que esta localización non é a máis axeitada e valore outras localizacións. Outes precisa un parque empresarial e precísao xa.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que logo de que se nos aclarase na última reunión as dúbidas que tiñamos e lle presentamos vamos a dar o noso voto a favor neste plan inicial. Sen embargo, queremos engadir e que nos chama poderosamente a atención a postura do PP, xa que, vista a foto que teño aquí non fai falta máis reunións de comisións porque xa eles mesmos amañan por detrás. Ou teñen algo que esconder ou aínda non entenderon que isto é unha corporación da que todos formamos parte e que algúns si pedimos explicacións do que non entendemos. Piden explicacións, o PP, aínda seguen coas dúbidas, non saben os custos, non saben o que se pode poñer a liña de costas, e sen embargo “El gobierno de Outes y el PP acercan posturas para habilitar de suelo industrial al municipio”. Acabo de caer na conta, dentro dun ano son as eleccións entón xa empezamos a saír nos xornais, igual que cando pediron a transferencia da AP-9. O que non se dan conta é que mentres que vostedes gobernaban puideron facer de todo e o problema é que non fixeron nada. Foron vostedes os que deixaron o concello como está e non lle voten a culpa a ninguén.

Toma a palabra o Sr. González que de xeito breve indica que temos expectativa de que se aprobe esta proposta e que o traballo feito non pode caer en saco roto e o que dixo o BNG que non se valoraron outras localizacións non é certo. Estamos na obriga deste goberno dado que non había unha oposición clara a esta proposta agás o BNG, é de obriga facer todo o posible e que saia adiante e falar con todo o mundo como na comisión como fora dela. Indica o BNG que costas indica que buscan outra localización e o único que di costas é que hai que baixar a edificabilidade. Cremos que se se aproba é unha moi boa nova para Outes.



Toma a palabra a Sra. Molinos que responde ao Sr. Caamaño que o único que fixeron foi falar co goberno para tentar dar un paso máis e parece que a vostede só lle preocupa a foto do xornal. Quédelle claro que non temos nada que esconder, nin antes nin agora.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica o BNG alegraríano de que por fin Outes tivera o Chan empresarial que tanto necesita e seríamos os primeiros en alegrarnos. Pero vostede decide escoitar o que lle interesa e a quen lle interesa. Señores do PP que foi o que cambiou da proposta no mes de marzo a esta proposta. Non hai informes a maiores nin modificacións no proxecto. Que non tiveron tempo para lelo esa é a súa escusa, de estudio suficientemente, o resto dos grupos si que tivemos tempo pero vostedes non. O que hai que ser é serios e responsables e insistimos deixen de perdelo tempo porque a economía do noso concello precisa dese Chan esa é a realidade. Que foi o que cambiou para que este proxecto vaia a adiante? Nós non imos ser cómplices a un proxecto que está condenado a non ser viable.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que aclara que ao Partido Socialista non lle preocupa saír nas fotos, as fotos o Partido Socialista tarefas ao pleno e non presumimos das mesmas. Se se fixan ben algúns de vostedes non está convencido o que cambiou é que estamos a un ano de eleccións.

Toma a palabra o Sr. González dicindo que é unha moi boa noticia se sae a aprobación inicial e Sr. Caamaño vostede tamén cambiou de parecer e cremos que iso é positivo. Srs. Do BNG a noticia son dúas a aprobación inicial e que o BNG quédase fora coma sempre.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos en contra

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

Apróbase o presente acordo por maioría absoluta do pleno da corporación.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Plan Xeral de Ordenación



Municipal do Concello de Outes, creación chan industrial, nos termos que obran no expediente.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e anunciarase, ademais, nun xornal de maior tirada a nivel provincial. Durante devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que integran o Plan Xeral, incluído o estudo ambiental estratéxico, a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica deste Concello [dirección <https://outes.gal>].

TERCEIRO. Remitir o expediente á persoa titular da Consellería competente en materia de Urbanismo para que emita informe tras realizar as consultas pertinentes no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos.

CUARTO. Solicitar informe do Instituto de Estudos do Territorio de conformidade co disposto no artigo 41 do Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado por Decreto 96/2020, de 29 de maio.

QUINTO. Solicitar ás Administracións Públicas competentes os informes previstos pola Lexislación sectorial do Estado que procedan.

6. Expediente 299/2022. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para realizar unha pequena explicación sobre a proposta do Exp.299/2022.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que como noutras ocasións con expedientes similares hai que pagar as facturas que se deben sempre que estean conformadas e sexan servizos prestados e o único que nos chama a atención es que hai facturas que son con rexistro de entrada de principios de ano e que xa pasaron polo pleno varios REC e non foron incluídas nesas anteriores e tiveron que esperar ata agora para cobrar.



Toma a palabra o Sr. Núñez para indicar que máis alá do que levamos insistindo todo o mandato de facer caso aos informe da Intervención e aos apuntamentos do persoal municipal. Queremos poñer de manifesto o mesmo que o PP de que hai facturas que levan moito tempo paradas e que nos consta que existen outras empresas que levan agardando meses de máis para que o concello pague os servizos prestados. Exiximos ao goberno que axilicen o pago das mesmas.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que como xa é habitual atopámonos con outro REC e nada que obxectar con relación a que temos que pagar facturas atrasadas pero neste caso chamounos a atención dúas facturas que son sancións de Augas de Galicia por 11.025€ por tres motivos diferentes segundo entendemos polas facturas e procede á lectura das correspondentes conceptos das sancións. Fai referencia a última sanción que pon sanción por desatención do requirimento, avísannos pero non fan caso, neste caso trae multas que debería pagar vostede pero igual estaba moi ocupado noutras cousas e pasoulle igual que co SAF. Son por estas sanción polo que non podemos estar de acordo con este REC pero que para que as facturas dos nosos veciños e veciñas sexan pagadas e porque os servizos foron prestados imos a abstermos.

Toma a palabra o Sr. González que indica que lles preocupa que os períodos de pago sexan máis longo do que desexaríamos e pedimos desculpas.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

Apróbase o presente acordo con voto a favor do grupo de goberno, o PP, o BNG e a abstención do Partido Socialista.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 4/2022 por importe total de 125.293,61€ que se corresponden coas facturas incluídas nas seguintes relacións contables:



X/2021/11 (comisiones bancarias correspondentes a 2021) de importe 2.490,49 €.
 X/2021/12 (Augas de Galicia correspondentes a 2021) de importe 5.775,00 €
 X/2021/13 (gastos recorrentes correspondentes a 2021) de importe 65.607,59 €.
 X/2021/14 (gastos proxecto Europeo correspondentes a 2021) de importe 5.311,90 €.
 F/2022/26 (facturas Naturgy de 2021 presentadas no 2022)) de importe 24.730,38 €.
 F/2022/27 (facturas gastos recorrentes de 2021 presentadas no 2022)) de importe 15.116,25 €
 F/2022/44 (facturas transporte Outes CF de 2021 presentadas no 2022) de importe 1.012,00€ (excluídos los gastos pertencentes a 2022).
 F/2022/45 (facturas Augas de Galicia de 2021 presentadas no 2022) de importe 5.250,00€.

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal de 2022, os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen nas relacións sinaladas no punto anterior.

7.- Moción BNG	
Favorable	Tipo de votación
MOCIÓN	
<p>Este 2022 van cen anos dende que a Illa da Creba se inscribira a nome de propietarios particulares en 1922, sorprendentemente no libro do Rexistro da Propiedade correspondente ao Concello de Outes malia a que o deslinde do Instituto Xeográfico Nacional de 1920 xa a situaba no termo municipal de Muros. Dende aquela houbo todo tipo de actuacións na Illa, vinculada dende entón a preitos pola súa propiedade e a determinadas actuacións que durante anos viñeron impedindo o acceso ao público. Como exemplo a sentenza do xulgado de Outes de 1942: “os veciños de Esteiro teñen dereito ó acceso de modo público e sen oposición de ninguén...”</p> <p>A construción dunha edificación, o levantamento de valados, a instalación de vixilancia para impedir o paso, as obras de construción de espigóns, rampla e recheos que ocuparon máis de 5.000 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, a construción dun peirao cunha ocupación de preto de 1.900 metros cadrados de dominio público, que malia a denegarse e ao pronunciamento da Xustiza no ano 2002 continúa en pé, a plantación de abundante vexetación, na</p>	



súa meirande parte piñeiros, instalación de fontes de enerxía renovábel, eólica e solar, etc. Son algunhas das actuacións que se levaron a cabo na Illa dende os anos 80.

Para perplexidade de calquer cidadán, na actualidade, anúnciase en distintas páxinas como “A Creba, Private Island”, e nas mesmas figura como unha “exclusiva illa de luxo atlántica”. É dicir, convertida nunha empresa de usos turísticos: “Illa da Creba S.L” As intensas mobilizacións sociais e de protesta dos anos 90, coincidindo coa solicitude de ocupación de zona marítimo-terrestre para construír unha rampa de atraque provista de pantalán flotante e protexida por dous espigóns, provocaron o posicionamento contrario á devandita construción por parte dos concellos de Muros e Noia e que a Xunta de Galiza remitira tamén un informe negativo, con data de 29 de xullo de 1997, ao Ministerio de Medio Ambiente por considerar que as obras solicitadas “poden incidir negativamente sobre as correntes da zona, e principalmente sobre o banco de ameixa babosa da Creba”.

No en tanto, a día de hoxe os usos públicos da Illa continúan sen seren restaurados e sen que as distintas administracións tomen como propia a súa defensa. Un espazo que fora clasificado como “espazo natural protexido” no anexo número 2 das normas complementarias e subsidiarias da provincia da Coruña e que fora recoñecido en resposta parlamentar ao BNG no Congreso dos Deputados, en novembro de 1998, como “clasificado como suelo no urbanizable de Protección de Especies Naturales”, continúa a ser obxecto de obras de pavimentación de vías e de construción de valados de pedra e cemento á beira do mar, sen que ninguén acerte a comprender quen e como se permiten.

Dende o BNG temos claro que o lexítimo propietario da illa da Creba é o pobo galego é que calquera usurpación que se faga dela debe ser contestada pola sociedade e as institucións. As illas non deben ser nunca un ben privativo e de uso exclusivo ou especulativo e moito menos cando se trata dunha apropiación de bens comunais. Debemos defender a xoia da nosa ría como o que é: o punto de encontro para todos os veciños da comarca. En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte **ACORDO**

1. A corporación municipal de Outes apoia as reivindicacións da Plataforma pola recuperación da Illa da Creba.
2. O concello de Outes apoia a recuperación da titularidade e uso público na Illa da Creba e porá á disposición de quen o solicite toda a documentación relacionada da que dispoña no seu haber.



3. Instar á Xunta de Galicia para que incorpore a Illa da Creba no parque marítimo terrestre das illas atlánticas.
4. Trasladar o presente acordo á Deputación provincial, á Xunta de Galicia e ao goberno do estado.

DEBATE

Toma a palabra a Sra Molinos para indicar que parécelles que é un asunto complexo tanto a nivel xurídico como a nivel social e porque se descoñecen moitos dos seus antecedentes. O que si nos parece é que si existe algunha dúbida da determinación da propiedade da Illa da Creba ese asunto só pode ser resolto polo tribunal de xustiza que estude todos os aspectos legais.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que expón que xa houbo varias veces actuacións xudiciais sobre o que se estaba a facer na Illa e como ben decides o problema e que seguimos sen tomar medidas dende os estamentos oportunos. Xa no ano 2007 este grupo apoiou unha proposición non de lei parecida no Parlamento de Galicia sobre as actuacións que se deben levar a cabo para a titularidade da mesma. Neste caso o Partido Socialista vai facer unha enmenda engadindo un punto 3 no que diga “solicitar un informe previo ao Consello Consultivo de Galicia sobre a reversión a titularidade pública da Xunta de Galicia da Illa da Creba”.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que eran coñecedores con anterioridade desta problemática e que entendemos que estamos ante un caso común en determinado momento histórico en Galicia que é a apropiación de bens comunais. Como había un baleiro legal aproveitouse para a apropiación destes bens e máis alá do que podemos dicir é unha cuestión xurídica e é esta quen ten que decidir. O que nos parece que de xeito simbólica este pleno debe reivindicar esta cuestión e parécenos que debe prevalecer o ben común sobre o privado e votaremos a favor da mesma.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que engaden o punto 3 ao acordo e sumarnos a que temos unha obriga moral e histórica que ao longo dos anos certos dirixentes fixeron ao longo dos anos en beneficio duns poucos e é importante que teñamos claro cal é a nosa historia. Danos moita pena que o PP non tivera máis que comentar e non aportasen máis cuestións na súa intervención. Alegrámonos de que a corporación de Outes vai a reparar dalgún modo este dano.

Toma a palabra da Sra. Molinos que indica que non ten nada máis que engadir e



que o que eles din o deciden eles non o BNG.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que quere ensinarlle ao BNG que un dos problemas polo que moita xente non apoia máis estes casos en que en casos ao mellor contarían con máis apoios se non foran tan extremistas.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 a favor

Apróbase o presente acordo ca inclusión do punto 3º cos votos a favor do grupo de goberno, o BNG e Partido Socialista e abstencións do PP.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

C) ROGOS E PREGUNTAS

- PREGUNTAS PENDENTES PLENO ANTERIOR:

- **PP:**

PREGUNTA 1: Cando entramos na web de contratación do Estado observamos que na pestana de licitacións correspondente ao Concello de Outes moitas das obras que figuran no listado atópanse no estado de “evaluación” cando sabemos que xa están adjudicadas e recepcionadas. Esta circunstancia dificultanos a nosa labor municipal, polo que, queremos saber: cal é a razón pola que sucede isto?

Responde o Sr. González que en particular determinados contratos de 2019 e 2018 aparecen en “evaluación” e estamos vendo como resolver esta cuestión e lembro que houbo cambio de Secretaria e dende que esta a nova estanse subindo de xeito normal e agora estamos vendo como corrixir este problema pero son licitacións de 2019 e 2018.

A Sra. Molinos indica que tamén hai algún de 2020 e que a pregunta é para saber se vai a haber algunha solución ou é un problema do programa e que se solvente ao que o Sr. González resposta que están en iso.



- PREGUNTAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO:

Con relación ás preguntas que se presentan por rexistro do PP e feitas as comprobacións están presentadas pero indica que por un problema non foron asignadas e podemos contestala no vindeiro pleno e indica que a Sra. Molinos que espera que non sexa por preguntas incómodas e que son preguntas sinxelas. O Sr. González advirte que ao mellor non as pode contestar.

- **PP:**

1ª PREGUNTA. No pasado Pleno do 26 de maio aprobouse un Modificación de Crédito na modalidade de suplemento con cargo ao superávit municipal para añadir á subvención do IGVS co fin de rehabilitar unha vivenda da Escola do Bosque para o seu uso como vivenda de alugueiro social. No expediente do asunto indicábase que as obras deberían estar rematadas o 24 de outubro do presente ano 2022. Nos non temos constancia de que se empezara a obra, nin de que se adxudicara nin tampouco de que se licitara. Como estamos a finais de Agosto e para o 24 de outubro falta pouco mais dun mes, parécenos que nos tempos van vostedes, cando menos, un pouquiño xustos para levar a bo término este expediente.

As nosas preguntas son:

- ¿En qué fase do proceso de contratación está ese proxecto?
- No caso de que aínda non se publicara a licitación ¿cando pensan facelo?
- ¿Cal é o plan de control de tempos que manexan para que o 24 de outubro 2022 tal e como, se non estamos equivocados, se require na resolución de adxudicación da subvención do IGVS a obra se encontre rematada?

Responde o Sr. González que nestes momentos estamos traballando no proceso de licitación pero primeiro precisamos saber se se vai poder prorrogar ao ano 2023 porque é imposible que esa obra está rematada en 2022. Non da tempo porque hai que licitalo e será imposible telo na data e sabemos que a Xunta da a posibilidade de que se pasa a anualidade de 2023.

Indica a Sra. Molinos que a concesión dos 40.000€ parecen que van a ir a engrosar esa conta que ten vostede de perdas e nós xa o advertamos que nos parecía xusto no tempo e que o incremento do proxecto era unha barbaridade.

2ª PREGUNTA. O pasado día 22 deste mes, o Sr. Alcalde ditou unha Resolución onde se dispoñía a celebración dun contrato menor de servizos denominado



“Asistencia Técnica Servizo de Urbanismo” por un valor de 10.890,00€. Como no citado Decreto non se da máis información ao respecto, queremos saber:

- ¿En canto tempo está establecida a duración dese contrato?
- ¿Qué funcións se inclúen no contrato?
- No caso de que nesa asistencia estea incluída a atención ao público, ¿En qué condicións se prestará ese servizo aos veciños?

Responde o Sr. González que indica que neste caso hai detalles que non lle podo dar porque pode equivocarme e o que si é que responde á xubilación do arquitecto técnico e que temos que iniciar a contratación dunha nova persoa e ven dado pola necesidade de deixar sen servizo aos usuarios.

3ª PREGUNTA. No mes de xullo, concretamente o día 21, mediante un Decreto da Alcaldía, xustificouse a celebración dun contrato menor de servizos por valor de 4.936,80€ para o “Asesoramento Técnico Xestión Enerxética”, considerando o Sr. Alcalde que esta fórmula era a mais axeitada para levar a cabo os fins do Concello. O que queremos preguntarlle é:

- ¿En que consisten eses fins para os que se precisa dese asesoramento, é dicir qué aspectos concretos da xestión enerxética do Concello abarca o contrato?

Responde o Sr. González que iso ten que contestalo no próximo pleno xa que non ten a información concreta.

4ª PREGUNTA. O día 18 deste mes, o Sr. Alcalde ditou unha Resolución na que resolvía aprobar un expediente de modificación de crédito na modalidade de transferencia de crédito na que se restaba crédito a unha partida relacionada co persoal e se engadía á partida de “Alumbrado Público/Inversión” a cantidade de 26.044,82 € para poder pagar os excesos de medición da obra de Sustitución de Luminarias do alumbrado público que, en parte, sufraga o IDAE.

As nosas preguntas son:

- ¿En que consisten eses excesos de medicións?
- ¿A que foron debidos os excesos de medición?

Responde o Sr. González que tamén a contestará no vindeiro pleno e volve a pedir desculpas por non ter recibidas ás mesmas.

- **BNG:**



1ª PREGUNTA. -Os pasados 30 e 31 de xullo Outes acolleu algo máis de 800 de peregrinos que fixeron estadía no pavillón polideportivo do Cunchido. Canto cobrou o concello en concepto de taxas polo aluguer de instalacións públicas? Fíxose un reforzo do servizo de limpeza nos baños, canda menos? Aproveitouse a ocasión para repartir información e promocionar o concello? Avisaron aos negocios do concello para que tiveran previsión?

Responde o Sr. González que non se cobrou nada porque entendemos que estamos falando de promoción e non o consideramos oportuno nin o fai ningún outro concello que o saibamos. Fíxose o reforzo pero ben é certo que o volume de persoas foi moi elevado e pode que nos fose insuficiente. O que fixemos foi realizar unha actividade para que visitaran o concello e avisouse aos negocios pero non era sinxelo facer unha estimación porque este peregrinos viñan con catering contratados e soubemos a posteriori que era preciso máis. Seguramente se o souberamos tiramos avisado ao conxunto dos negocios, pero foi desta maneira.

Toma a palabra o Sr. Núñez de que todo o que acaba de dicir o Sr. González e procede á lectura da noticia da Voz de Galicia do cobro de 40.000€ no concello de Santiago a eses peregrinos. Sabe o ben que lle sentaría ás arcas municipais 4.000€. isto denota a falta de responsabilidade do Concello de Outes e deben saber que o uso das instalacións por máis persoas supón un custo para o Concello (maior presión poboacional, o gasto infraestruturas, en auga, limpeza ...) o mínimo de calquera gobernador é ter estas previsións. A verdade que o que máis nos sorprende é que informaron a algúns negocios só e en base a que? A uns si e a outros non. Tivemos que ver como moitos restaurantes do noso Concello non tiñan existencias.

Indica o Sr. González que o BNG crea problemas onde non os hai. Estamos en plena promoción en atraer peregrinos e reitero crean problemas onde non os hai.

2ª PREGUNTA. Vai facer agora un ano dende que conseguimos o acordo desta corporación para modificar o proxecto da fase II para a humanización da Rúa da Capela coa engádegas de acometer obra ate o acceso á praza e sen deixar ningún edificio de vivendas da rúa sen actuación. Modificaron o proxecto segundo estes criterios?

Responde o Sr. González que fai un ano o que conseguiron foi que non se aprobara o crédito non aprobar ningunha proposta e gracias ao PP. Seguimos traballando



para que pronto poidamos executar esta segunda fase e que se non é unha realidade é pola súa culpa.

Indica o Sr. Núñez que non respondeu a pregunta ao que o Sr. González indica que contestou o que creu adecuada. O Sr. Núñez indica que non contesta ás preguntas da oposición e o mínimo é ter un pouco de transparencia e retiramos a modificación de crédito porque o noso partido cría que non cumpría os estándares. O que non se pode pretender é facer unha segunda fase á que lle faltan 10 metros.

3ª PREGUNTA. Xa fai máis dun ano dende que o busto de Sabardes, de gran valor arqueolóxico e histórico pola súa excepcionalidade, está en dependencias municipais. Dende entón non vimos que o goberno tomase ningunha iniciativa para poñelo en valor e coñecemento da nosa veciñanza nin tampouco para ubicalo nun stand seguro que o amarre e evite danos no ben patrimonial. Fixeron ou pensan facer algunha actuación ao respecto?

Responde o Sr. González que solicitaron un orzamento e temos que buscar a maneira de levalo a cabo e que axentes externos nos aconsellen como ensinar este ben prezado aos nosos visitantes e aos nosos veciños.

4ª PREGUNTA. No pleno anterior preguntamos pola situación da seca no noso concello e a resposta que nos deron aportou poucos datos técnicos sobre a situación real da traída municipal e, dende entón, limitáronse a recomendar un consumo responsábel. Que previsión de abastecemento de auga potábel ten o concello? Cree o goberno que non é necesario tomar ningunha medida preventiva máis alá das recomendacións?

Responde o Sr. González que onte tivemos unha reunión onde participación todos os concellos afectados e a situación é similar en todos eles, e que no noso caso o depósito está en estado óptimo e que fixemos foi difundir medidas de control para a racionalización do consumo de auga e chegado o momento teremos que esgotar outras medidas como cortes nocturnos pero agora non son necesarias.

5ª PREGUNTA. O punto de descarga de líquidos de autocaravanas está xerando problemas. Aos que nos visitan, por falta de indicación, chegan ate San Cosme e dende aquí non poden baixar a Broña, dado o volumen dos vehículos, e causan problemas á veciñanza da parroquia. A ubicación do punto de descarga en Broña tivo un efecto claro: chega haber ate 39 autocaravanas estacionadas durante días ou semanas no aparcadoiro de Broña sen ningún tipo de regulación nin cobro de taxas por parte do concello. Xa nos diso que na actualidade tampouco se cobra



ningunha taxa por usar a auga ou descargar líquidos en Broña polo que queremos saber: vaise facer algún tipo de ordenanza para regular e ordenar o turismo en autocaravana?

Responde o Sr. González que a resposta non temos pensado elaborar neste momento ningunha ordenanza pero non o descartamos no futuro. Este é un punto basicamente de depósito de augas sucias non unha área e polo que non temos pensado elaborar unha ordenanza. A Sr. Suárez indica que se agora no é unha area se é só un punto de baleirado e tras as advertencias do BNG que non é o lugar máis axeitado. Sr. González mentres que hai veciños de Outes que pagan o saneamento sen ter o servizo e hai veciños de Outes que teñen traídas de auga municipais en restado precario canalizadas en fibrocemento co risco de saúde que leva vostede non fai nada e estes si pagan os impostos pero está disposto a regalarlle o servizo de auga a todos os que nos visitan.

O Sr. González indica que si que hai un uso elevado o que é positivo xa que coñecen o noso concello e o que está a dicir terá que demostralo e o estacionamento está permitido e que hai un punto nada máis. A policía local xa fixo as advertencias oportunas.

6ª PREGUNTA. Cando está previsto o traslado do PAI e en que fase se atopan as obras?

Responde o Sr. González que a nosa intención é que esas obras, as interiores apiques rematadas e engadir algunha exterior, e que se poidan facer no primeiro trimestre do curso que comeza agora. Indica a Sra. Suárez que realmente esperan que sexa unha escola infantil e cumpran a súa palabra.

7ª PREGUNTA. Outro curso máis os estudantes de bacharelato do noso Concello atoparánse sin transporte o centro de referencia en Noia. Fixo algunha xestión ou ten pensado algunha solución para estas familias?

Responde o Sr. González que son coñecedores das xestións que fixemos trasladamos a problemática a administración pertinente e lamentablemente non tiveron a ben atender as demandas dos veciños. Indica a Sra. Suárez de que son coñecedores de que o trasladaron e que foron as propias familias e vostede animounos e logo tivo a ben sacar unha partida de axudar para o transporte. Hai concellos nos que si que puxeron este servizo en marcha ao que o Sr. González responde que a eles non lles consta.



8ª PREGUNTA. Esta semana anunciaba Vostede ás melloras en determinados vías do noso Concello. Ditas melloras: rego con gravela por riba, lonxe de ser unha mellora aumentan o risco para os transeúntes, por exemplo na estrada de Rodeiro a San Lourenzo nunha curva que en caso de saída de vía, levache ao choque coa baranda da ponte que tres anos despois segue con ferros soltos co conseguinte risco. Sr Glez, cando pensa acometer o arranxo de dita ponte e vial de xeito seguro?

Responde o Ssr. González que vostedes votaron a favor dese proxecto que consistía en mellorar a estrada e vostedes non tiveron problema e por outra banda a substitución da baranda, polo que non se leron o proxecto. O mesmo aínda non está rematado pero esperemos que a semana que ven este feito e que quede dunha maneira óptima. O anuncio é que estamos a realizar o proxecto e con respecto á Ponte vostedes votaron a favor ao que a Sr. Suárez nega e di que é a base da ponte do que está falando. Indica a Sr. Suárez que eles votan a favor sempre que as cuestións beneficien aos veciños e veciñas.

9ª PREGUNTA. Nalgúns lugares do noso Concello están sendo os veciños os que están asumindo a limpeza dos espazos públicos vendo a deixadez deste goberno, ano tras ano. Cal é a razón pola que estes espazos se limparon en tres anos? Parecelle a vostede xusto que teñan que asumir o custo de ditos traballos os veciños e veciñas, despois de pagar os seus impostos?

Responde o Sr. González que nos parece que se hai veciños que están facendo eses traballos é digno de eloxiar e oxalá haxa moitos máis, porque iso é o que sempre se fixo en calquera Concello rural. Agora atopámonos coa problemática da perda de poboación fai que estas cuestións recaian no concello e este non pode chegar a todo. Temos un operativo pero non chegamos a todo e estamos vendo como apoiar estas iniciativas xa que é unha colaboración veciñal.

Indica a Sra. Suárez que esas persoas pagan os impostos e a obriga dos espazos públicos municipais é do concello non é dos veciños, están pagando dobremente. Paréceme eloxiable de que a xente preocúpase por estas cuestións pero está delegando nos veciños e familias todo e fai referencia a algúns exemplos. Entón para que queremos un Alcalde? Para organizar eventos turísticos? É para o que nos serve?.

10ª PREGUNTA. No terreo do Cruceiro de Cando de abaixo, xa foi retirado o escombros pola empresa privada que acometeu as obras dos vías. Quen non limpou foi o Concello, así que nos atopamos na entrada da aldea con unha selva/



escombreira que ademais crea serios problemas de visibilidade, feito que xa denunciámos máis dunha vez. Cando pensan acometer dita limpeza?

Responde o Sr. González que esperamos facelo proximamente e que a mesma dos camiños asfaltados xa se fixo e agora vaise proceder aos forestais e masas comúns.

11ª PREGUNTA. No lugar de Outes seguen a espera do xa demandado parque infantil, do acondicionamento da explanada onde se fan as festas e de que a igrexa retire o escombros do derribo e evite outros, así como da dotación dun elemento de redución da velocidade na estrada. Cando pensa dar solución a estas tres demandas?

Responde o Sr. González que en relación ao parque infantil mantemos o criterio e consideramos oportuno que non pode haber parques en todos os lugares. En canto a festa esperamos acometer algunha mellora e en canto ao derrubo e algo que xa fixemos os requirimento e o bispado nos fixo chegar que solicitarían o permiso. E en canto á estrada solicitamos á Deputación e esta non o considera axeitado e tampouco na Avenida de San Campio.

Indica a Sra. Suárez que é triste escoitar que houbo un parque infantil nunha parroquia como a de Outes a que sería o único ao que o Sr. González indica que non é certo. Parécenos triste escoitar que un parque infantil sexa para vostede un luxo e aos veciños máis. En canto á explanada trasladámoslle que a problemática non só os baches xa que creo incomodidades no seu uso. E na casa do cura leva un ano, tiveron tempo para insistir, pero insiste cando quere.

12ª PREGUNTA. O pasado 5 de maio solicitamos por rexistro informes de secretaría e intervención sobre a aplicación do ICIO, cal é a razón pola que aínda non nos foran remitidos?

Responde o Sr. González que como sabe hai un cambio na intervención e están elaborando o mesmo e faralo chegar nuns días.

13ª PREGUNTA. Mentras no Concello de Noia se celebra o día do San Cosmeiro, en Outes que é onde ten a súa orixe nada fixo o goberno por recuperalo e ensalzalo, máis alá dun mural privado. Pensa facer algo para poñelo en valor?

Responde o Sr. González que si que estamos intentando poñer en valor e as actividades que desenvolvemos e este outono realizaremos un curso para a elaboración de sombreiros.



14ª PREGUNTA. Na parroquia de Santo Ourente, o goberno anterior mercou unha parcela para a construción dun local social, seguen a espera do mesmo. Fixeron algunha xestión ao respecto?

Responde o Sr. González e dicir que si que hai un espazo para a reunión, pequeno, e en segundo lugar e en canto á parcela estabamos en desacordo con esa resolución e o que elaboramos é o proxecto de ampliación da escola que intentaremos de poñelo en común coa veciñanza. Pregunta a Sra. Suárez como vai a medrar a escola? Contesta o Sr. González que se lles pasará unha copia sen problema.

15ª PREGUNTA. O pavillón polideportivo do Cruceiro segue a espera dunha solución ante o problema de agua no seu firme, vostede no seu día apostou, sen ningún tipo de garantías, pola instalación de 21 ventiladores. Tendo en conta o custo da tarifa eléctrica, segue parecendolle a mellor solución? Botáronse atrás e non acometerán esta obra como tiñan previsto? Buscarán outra alternativa?

Responde o Sr. González que o que fixemos foi un crédito para desenrolar ese proxecto e as premisas son importantes. Parte de cuestións erróneas. Temos elaborados o borrador dos Pregos Técnicos que están sendo avaliados pola Secretaría e que no seu momento quero traer ao seu coñecemento. Este prego ten unha peculiaridade, buscamos unha solución a un problema e unha solución garantista, polo que imos contratar unha solución. Isto ten particularidades xurídicas e é o que se está a analizar. Indica a Sra. Suárez que naquel momento apostou que a opción para dar solución a problemática era a colocación de 21 ventiladores e a outra opción era o levantamento e optou pola primeira opción aín que vai ter un custe excesivo. Indica o Sr. González que xa contestou á pregunta.

- PREGUNTAS PARA O VINDEIRO PLENO:

- **PP:**

1ª PREGUNTA: Se non escoitamos mal acaba de contestar ao BNG da broza de Camiños e dixo que terminaran os camiños asfaltados por medios mecánicos. Temos que entender que no que queda de ano xa non van a desbrozar nada máis? Debemos informarlle aos veciños que eses traballos xa acabaron e que non conten con ver os camiños desbrozados por este ano?

- ROGOS:



- **PP:**

ROGO 1: Estes días estamos sendo coñecedores das queixas dos veciños relativas aos pagos dos atrasos da revalorización catastral que tivo lugar non noso concello. Chegan notificacións de pago que non son correctas e os veciños non saben a onde deben acudir para ser informados. Pensamos que dende o concello debe prestarse axuda e rogámoslle ao goberno que incorpore persoal especializado no tema para atender aos veciños que o precisen.

ROGO 2: Os veciños de Vistalegre mostran o seu descontento polo abandono da limpeza das rúas do seu núcleo. Un lugar frecuentado por moitos transeúntes rogámoslle que adecenten ese lugar.

ROGO 3: Unha vez máis temos que volver a rogar que tomen as medidas necesarias para adecenten e limpar as veiras da estrada que une Entins con Fontenlos. Xa son 20 as veces que o fixemos e non vemos nada feito en novembro fará tres anos dende que se comprometeron a facelo e como non lle encontramos resposta a súa actitude. Rogámoslle que adecenten as veiras da estrada que van de Entins a Fontenlos.

- **BNG:**

ROGO 1: A estrada que leva ata ao paseo está nunhas condicións penosas rogamos que actúen para solucionalo.

ROGO 2: Na ponte de Cando tras un accidente está descolgada a varanda e un peitoril e logo leva anos un peitoril tirado co correspondente risco para os transeúntes.

ROGO 3: Unha vez finalizada o arranxo dos firmes da Avenida de San Campio estaría ben que revisaran o estado dalgúns contedores que se atopan sucios e cunhas deficiencias notables. Rogámoslle que os revise e os substitúa.

ROGO 4: Conforme a parroquia de Outes non ten un parque infantil e somos coñecedores pero resulta que gobernos anteriores teñen enviado ás vivendas algún mapa dentro dos boletíns e a serra teña un ámbito e despois falamos de parroquias administrativas. É inxusto que diga que a parroquia de Outes ten un parque infantil. Rogámoslle que revisen estas cuestións.



ROGO 5: Tendo en conta que vostede como non podía ser doutra maneira o que lle da a gana pero entenda que dende a oposición temos o deber de fiscalizar o seu traballo e se vostede fora transparente se se lle fai unha pregunta clara daría unha resposta. Rogamos que se tome en serio o principio de transparencia.

- **Partido Socialista:**

ROGO 1: Antes de que dea por rematada a sinalización achego unha suxestión dos veciños de A Teixeira así como o núcleo máis importante de Santo Ourente, A Seara.

ROGO 2: Quero lembrar que no Concello de Valdomiño véñense de investirse por parte da Deputación provincial 10.000.000€ nos últimos sete anos dos cales 5.000.000 corresponde ao plan único. O que nos deixa outros cinco investidos pola Deputación da Coruña. E unha das últimas das obras ademais do cambio de céspede nunha das instalacións deportivas foi de 47.000€ nun proxecto de mellora de eficiencia enerxética do propio cambio de fútbol. Xa que vostede está tan atento ao que pasa en Valdomiño rógolle que non pare aquí e intente conseguir das diferentes administracións para poder trocar os focos que temos na actualidade no campo de fútbol por outros de maior eficiencia enerxética e menor custe.

Remata a sesión ás 23:20 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

